

ASPECTOS BÁSICOS DAS ARTES ESCÉNICAS

1- Introducción ás artes escénicas

1.1 Pequeno prólogo no que xa se conta todo

Apáganse as luces. Ábrese o pano. Comeza a función e durante hora e media aproximadamente, mergullámonos no que se nos ofrece dende o escenario. Remata a función. Aplausos.

Todo isto semella reflectir unha imaxe bastante típica do que é un espectáculo escénico actualmente, máis, como todo na vida, para chegar ata aquí hai todo un pasado, unha historia, moitas formas e maneiras (moitas máis das que podemos coñecer a primeira vista). unha natureza esencial, e, como boa toda arte, unha sorte de saberes que é necesario aprender se queremos mergullarnos nela. Aprender, e desfrutar!

Segundo as ideas de Luna del Egado e Rafael Sánchez, podemos indicar que o concepto de artes escénicas obedece a aquelas “manifestacións sociculturais e artísticas de carácter expresivo e comunicativo, que se materializan na escena ante un público, cuxos compoñentes son a dramaticidade e a teatralidade.”

Estamos a falar dun tipo de encontro artístico que, por tanto:

- 1- Desenvólvese nun espazo común que se converte no lugar da representación.
- 2- Desenvólvese no mesmo presente entre espectadores e intérpretes.
- 3- Ten un carácter efémero.

Unha definición máis complexa é a que nos ofrece Eusebio Galvan pero que, en todo caso, mantén os puntos anteriores como elementos básicos:

“Artes escénicas son as artes destinadas ao estudo e práctica de calquera tipo de obra escénica ou escenificación, toda forma de expresión capaz de inscribirse na escena: o teatro, a danza, a música (especialmente a ópera, a zarzuela, o teatro musical, o cabaret, o music hall, os concertos ou recitais, etc.); e, en xeral, calquera manifestación do denominado mundo do espectáculo (show business -farándula-) ou que leve a cabo nalgún tipo de espazo escénico, habitualmente nas salas de espectáculos, pero tamén en calquera espazo arquitectónico ou urbanístico construído especialmente ou habilitado ocasionalmente para realizar calquera tipo de espectáculo en vivo, como ocorre cos espectáculos ambulantes (como o circo, o monicreque, os tradicionais cómicos da legua e comedia da arte ou o actual teatro rueiro). Outras expresións, como desfiles, procesións de Semana Santa e multitude de ritos relixiosos, festas populares, entroidos, ou mesmo as corridas de touros, teñen unha clara dimensión escénica. Unha representación consta só dos elementos esenciais: actores e público. A representación pode ser mímica ou utilizar a linguaxe verbal. Os personaxes non teñen por que ser humanos; os monicreques ou o monicreque foron moi apreciados ao longo da historia, así como outros recursos escénicos. Pódese realzar unha representación por medio do vestiario, a maquillaxe, os decorados, os accesorios, a iluminación, a música e os efectos especiais. Estes elementos úsanse para axudar a crear unha ilusión de lugares, tempos, personaxes diferentes, ou para salientar unha calidade especial da representación e diferenciala da experiencia cotiá.”

1.2 Beneficios das artes escénicas

As artes escénicas desenvolven todo tipo de competencias transversais para o ser humano, e, polo tanto, para a sociedade tal e como recolle o Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e os ensinos mínimos do bacharelato:

“A materia está deseñada a partir de cinco competencias específicas, que se vinculan cos obxectivos da etapa e coas competencias clave previstas para o Bacharelato. Estas competencias específicas permiten ao alumnado participar da vida cultural da súa contorna e difundir e valorar o patrimonio. Facilitan, igualmente, o enriquecemento do seu imaxinario, o crecemento do seu repertorio persoal de recursos, a ampliación das súas posibilidades de goce das manifestacións artísticas e a identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional ligadas a estas artes. Así mesmo, favorecen o criterio estético, as habilidades de comunicación e negociación, o autoconñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor.”

As artes escénicas son instrumentos de construción do entorno social, grupal, cultural e individual.

1. *Construción social.*

As artes escénicas constrúen un espazo reducido de relacións sociais, de comunicación, de expresión corporal, imaxinativa, emocional e espiritual que inciden no individuo, e que, por extensión, constrúen unha sociedade mellor. Ao traballar en grupo, as interaccións sociais melloran, xa que as artes escénicas implican o traballo en conxunto entre todas as persoas participantes dun xeito colaborativo, horizontal e vertical ao mesmo tempo.

2. *Construción reflexiva.*

No espazo de representación as artes escénicas constrúen discursos en directo que axudan a unha reflexión conxunta entre participantes do feito escénico, tanto o público coma o equipo de traballo. É un xeito de establecer un espazo de relación, reflexión e comunicación social, colectivo e cidadán. As artes escénicas constrúen un espazo de voz e escoita entre os seus participantes dentro dos límites da representación.

3. *Construción cultural.*

A participación en eventos culturais xeran beneficios innumerables dentro da comunidade escolar. Por unha banda convértese nun espazo de reflexión sobre cuestións sociais, humanas, históricas, así como fai que o alumnado aprenda máis aló do que as materias tradicionais poden ofrecerlle, debido ao seu carácter activo.

4. *Construción individual.*

As artes escénicas son unha forma de estar no mundo, de velo, de representalo, de analízalo, discutilo, enfocalo, repensalo... Axúdannos a estar fisicamente máis sans, máis atentos; desenvolven a memoria, a capacidade de empatía, de reflexión, aumentan as capacidades motoras, rítmicas, comunicativas; fannos conscientes da nosa contorna, da importancia dos demais para o desenvolvemento persoal...

“Facer para que os que tes cercan sorrían. Facer para que os que dependen de ti, aprendan. Facer para que a contorna onde habitas siga sendo habitable. Facer para mellorar a túa forma de ser, sentir e saber. Facer para Crear, Crecer e Crer.” (Fernando Bercebal, 2002).

O teatro, unha das artes escénicas máis importantes, é beneficioso para as persoas porque entre outros beneficios:

1. Aumenta a creatividade e a imaxinación.
2. Mellora a comunicación.
3. Fomenta a confianza nun mesmo.
4. Potencia a memoria.
5. Fomenta a empatía.
6. Traballa os valores.
7. Xestiona as emocións.
8. Traballa en equipo.
9. Aumenta a asertividade.
10. Axuda a recoñecer as nosas debilidades e fortalezas como individuos e como grupo.

1.3 Natureza das artes escénicas

Qué é o mínimo para poder facer teatro?

Se te paras a reflexionar nesta pregunta, acabas de poñerte na pel dun dos grandes directores teatrais do século XX, quen se fixo esa mesma pregunta: cales son os elementos imprescindibles para ter un feito escénico:

“[...] un debe preguntarse que é o que se fai indispensable no teatro. Vexamos. Pode o teatro existir sen traxes e sen decorados? Si. Pode existir sen música que acompañe ao argumento? Si. Pode existir sen iluminación? Por suposto E sen texto? Tamén. [...] Pero pode existir o teatro sen actores? Non coñezo ningún exemplo disto. E sen público? Polo menos necesítase un espectador para lograr unha representación. [...] Así nos quedamos co actor e o espectador. Desta maneira podemos definir ao teatro como o que “sucede entre o espectador e o actor”. Todas as demais cousas son suplementarias.” (Grotowski, 1999)

Tan só é necesaria a existencia dun/dunha intérprete e dun/dunha espectador/a como mínimo. Que é o que fai que o teatro, o circo, a danza ou calquera tipo de manifestación escénica se converta en arte escénica?

Non é unha resposta sinxela máis para que ese proceso ocorra hai varios elementos que entran en xogo e que constitúen a natureza das artes escénicas.

1- A dramaticidade

Con este termo referímonos á parte literaria do que é o feito escénico. Así podemos ver como existen textos dramáticos na historia da literatura universal. Máis iso non é teatro. É un dos elementos que posibilitan o feito teatral, máis non é aínda teatro.

Segundo o dicionario da Academia indícasenos que a dramaticidade ten a calidade do dramático, ou sexa, que posúe características propias do drama. E o drama é unha palabra que etimoloxicamente significa acción. É dicir, cando falamos de dramaticidade, estamos a falar de narratividade escénica, o que implica o xeito de estruturar e contar os feitos dende a linguaxe específica das artes escénicas.

2- A teatralidade

Segundo Anne Ubersfeld, unha das estudosas máis importantes dentro das artes escénicas, a teatralidade é una “palabra de sentido tan confuso que termina por ser un obstáculo e non definir máis que... teatro”.

En efecto a teatralidade é o resultado que se da entre a mirada e a acción en termos de representación. É a relación que se establece entre o espazo dos espectadores e o espazo da representación. É unha relación que, como veremos máis adiante, xera a ilusión da verosimilitude ou veracidade. A teatralidade xera a comunicación –reflexión, crítica, divertimento, emoción- entre as/os espectadoras/es e as/os intérpretes.

A teatralidade é a ilusión que permite ao público tomar como verosímil o mundo creado aos seus ollos. Tal e como indica o director escénico Jaume Melendres a teatralidade é a: “condición que teñen os textos (dialogados ou non, ben ou mal escritos) que só poden ser verdadeiramente entendidos se os interpreta –dáalles sentido- un corpo. Esta característica non a posúen os textos narrativos ou líricos, que poden ser entendidos directa e exhaustivamente a través da lectura. A teatralidade é a esixencia dunha lectura en tres dimensións. [...] Noutras palabras, só é teatral aquilo (incluídas as palabras) que ha de ser mirado para ser entendido, asumido sensorialmente para ser apreendido intelectualmente.”

3- Arte colectivo

Nas artes escénicas, un conxunto de profesionais cunhas habilidades e competencias constrúen un proxecto en conxunto -cun fin compartido- para que alguén que observa o disfrute.

Mais que significa colectivo? Qué implica arte colectivo dentro das artes escénicas? É acaso simplemente traballar xuntos?

O importante que tes que ter en conta é que neste tipo de artes, o traballo de cada un depende do resto de profesionais. A persoa que ilumina depende da persoa que actúa, para que a súa iluminación tome vida; ao mesmo tempo esa persoa depende da iluminadora ou iluminador para que se lle vexa. E quen ilumina depende da persoas que estea ao cargo do traballo técnico, na mesa de luces, para que entre en ritmo o seu deseño. E o persoal técnico depende de que a persoa que interpreta vaia á súa marca no tempo acordado e no lugar marcado, ao tempo que esta persoa que está actuando só poderá resaltar o texto da dramaturga ou dramaturgo se está na marca de luz. O texto precisa aos intérpretes para cobrar vida, unha vida que se xestou desde a intervención da dirección que depende de todos os demais elementos, eses elementos que teñen sentido se o público os observa, e así ata as combinacións que poidamos realizar.

4- O efémero

Dicía Peter Brook, un dos máis importantes directores de escena do século XX, que as artes escénicas son como “escribir na auga, xa que no mesmo momento que o fas, desaparece”. Isto é básico de entender na natureza do escénico. A diferenza doutras artes que

permanecen como a escultura ou a pintura, as artes escénicas aparecen e desaparecen cando se executan. Só existen baixo a mirada doutro no mesmo espazo.

Así mesmo, as artes escénicas ao desenvolverse no presente sempre están no aquí e agora da propia representación, independentemente de se o texto dramático –por poñer un exemplo- fose escrito fai cincocentos anos.

5- A “mentira” compartida

A mirada do espectador ou espectadora ten que ser consciente de que se trata dunha forma concreta de existencia, que non pertence ao mundo do real, senón ao mundo da imaxinación. Así, tanto a acción do que fai como a mirada de quen observa, teñen que participar nese acordo tácito que é a representación. Se o que mira non sabe que está ante un acto de representación inmediatamente pérdese a teatralidade xa que non se está asumindo o pacto da representación.

6- A convencionalidade

A convencionalidade implica todas as acción, técnicas, ou presupostos do xénero que as persoas que constrúen o espectáculo escénico empregan para xerar un efecto determinado no espectador, e que este tamén coñece de antemán. Se non existise ese pacto preestablecido non existirían as artes escénicas.

De feito, cada forma concreta de espectáculo escénico ten as súas propias convencións que o distingue doutras. Así, entendemos, aceptamos e disfrutamos cando unha personaxe en medio dunha escena comeza a cantar e todos lle seguen en perfecta coreografía como sucede nun musical.

Moitas veces ao referirse á convencionalidade, fálase de **suspensión da incredulidade** que é “aquela que fai crible a existencia de personaxes como Superman nas pantallas, Peer Gynt nos escenarios ou as Fadas nos contos infantís. Esta credibilidade do lector ou do espectador é posible porque a partires do intre no que, polo xogo das convencións, aceptamos a total inverosimilitude da situación na que se atopa o personaxe, ou dos poderes “non naturais” nunha situación considerada “natural”, comprobamos que cada unha das súas accións acorda estritamente con aquilo que consideramos correcto ou decoroso. Ben mirado, calquera clase de verosimilitude é de todo extraordinaria, tan extraordinaria como a arte que a produce, e que nos fai crer que o debuxo dunha pipa é unha pipa.”
(*Jaume Melendres, 2010*)

1.4 As artes escénicas: patrimonio inmaterial.

Un termo como é o de patrimonio escénico remítenos, inmediatamente, ao propio concepto da UNESCO, que inclúe as artes escénicas dentro dos “Cinco campos para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial” aprobada no 2003:

“Enténdese por patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas -xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes- que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural. Este patrimonio cultural inmaterial, que se transmite de xeración en xeración, é recreado constantemente polas comunidades e grupos en función da súa contorna, a súa interacción coa natureza e a súa historia, infundíndolles un sentimento de identidade e continuidade e contribuíndo así a promover o respecto da diversidade cultural e a creatividade humana.”

2. A comunicación escénica

Parece claro que un dos principios que regulan as artes escénicas sería aquilo que sucede entre un ou unha intérprete, como mínimo, e un espectador ou espectadora, tamén como mínimo. Esta afirmación ten que ver co propio concepto da comunicación e o encontro como elementos básicos das artes escénicas.

Por unha banda tes que entender que a comunicación é aquel proceso no que un conxunto de accións dunha persoa ou varias dun grupo social son percibidas e interpretadas por outra ou outras persoas do grupo.

E se lle sumo o concepto de representación, fai referencia a un tipo de relación concreta que se establece entre unha persoa que actúa fronte a outra que observa dende as características e peculiaridades da representación que acabamos de concretar.

As artes escénicas dende este punto de vista, constitúen un tipo de encontro comunicativo singular e específico que é necesario desentrañar. Cales son as características básicas desta forma de comunicación? Que implica este tipo de relación?

En principio debemos entender cales son os compoñentes tradicionais do que entendemos por comunicación, para, posteriormente, trasladalos ao campo do escénico.

ELEMENTOS CONSTITUTIVOS DO PROCESO COMUNICATIVO	
EMISOR	
A persoa emisora pode ser calquera individuo interno ou externo dun grupo. É a fonte de comunicación: quen desexa transmitir un pensamento ou idea a outro ou outros.	
RECEPTOR	
O receptor é a persoa a quen se dirixe a mensaxe. O receptor descodifica a mensaxe, interpretándoo coas habilidades, actitudes e coñecementos previos sobre o tema do receptor.	
MENSAXE	
Aquilo que queremos transmitir, sexa consciente ou inconscientemente	
CANLE	
A canle é o medio físico a través do cal se transmite e se recibe mensaxe. Se lemos un xornal impreso, a canle é o papel, se o xornal é en liña, a canle é Internet, pero se asistimos a unha conferencia, a canle son as ondas sonoras.	
CODIGO	
O código é conxunto de signos e regras no que se codificará ese pensamento, incluíndo a habilidade, a actitude, os coñecementos e o sistema sociocultural tanto da persoa emisora como a receptora.	
CONTEXTO	
É o conxunto de condicións nas que se produce a transmisión dunha mensaxe. É a contorna ou situación extralingüística que arrodea e inflúe á acción comunicativa, por exemplo, un contexto laboral, político, cultural ou escolar.	

Agora trasladaremos e concretaremos a especificidade do cadro anterior aos procesos comunicativos escénicos, que, non o esquezamos en ningún momento, implican o encontro en termos de representación.

ELEMENTOS CONSTITUTIVOS DO PROCESO COMUNICATIVO ESCÉNICO	
INTÉRPRETE	
Aquela persoa ou obxecto que dende o escenario ou calquera outro lugar de representación transmite unha idea empregando todos os recursos dispoñibles posibles: voz, corpo, xestualidade...	
ESPECTADOR/A	
Aquela persoa ou grupo de persoas que, dentro dunha representación, recibe e descodifica segundo os seus trazos individuais, sociais, culturais ou emocionais a conxunción de todos os elementos escénicos: intérpretes, luz, son, vestuario, caracterización ou escenografía para darlle un sentido.	
TEXTO	
É aquilo que se comunica dende o escenario. Non necesariamente é o texto dramático. Dentro desta categoría incluímos todos os elementos de significación (luz, son, vestuario...)	
CANLE	
É o propio espazo da representación, sexa un teatro, un circo, a rúa, unha igrexa, un café-teatro, etc.	
CODIGO	
Son os trazos específicos da comunicación escénicas. Dependen de cada estilo e xénero. Así non é o mesmo un <i>stand up</i> que unha comedia de salón, aínda que ambas pertencen ao xénero da comedia.	
CONTEXTO	
Evidentemente o contexto é o propio das artes escénicas e a representación. Así un palacio de ópera xera un tipo de representación escénica determinada na que todas as persoas coñecen os códigos específicos. Máis se o espazo é a rúa, é necesario xerar algo que transforme ese espazo cotiá nun espazo de representación, como por exemplo, unha fanfarra para anunciar que comeza o espectáculo.	

3. O espectáculo escénico: concepto e características

Se buscamos no dicionario o propio concepto de espectáculo atopamos o seguinte:

1. Función ou diversión celebrada nun lugar ao que asiste público.
Espectáculo teatral. Espectáculo deportivo.
2. Acción, situación, suceso etc., que se presenta á vista da xente e chama a súa atención.
A cidade ofrecía un espectáculo desolador. Emborrachouse e estivo dando o espectáculo.

Estes aspectos determinan varias cuestións que xa coñeces perfectamente:

- 1- O tipo de relación que se establece.
- 2- O espazo público que representa.
- 3- O seu obxectivo.

Segundo todo o anterior, e tomando o modelo proposto por Luna del Egido e Rafael Sánchez, debes entender as diferentes características do termo espectáculo e que son a base para as diversas tipoloxías que aprenderás na seguinte unidade.

- *Temporalidade.*
As artes escénicas realízanse nun tempo e espazo concretos. A diferenza doutras artes que son temporais (caso da música) ou espaciais (caso da pintura ou escultura), as artes escénicas desenvólvense neses dous eixos. De feito, a alteración da percepción deses eixos: tempo e espazo, é unha das características que veremos máis adiante nas artes escénicas.
- *Presenza e inmediatez*
As artes escénicas implican a presenza en directo do público nun mesmo espazo e lugar. Así cada vez que hai unha representación implica que nunca será igual á anterior. Por iso, o cine, aínda que semella presentar os mesmos elementos que o teatro dramático, non entra dentro da catalogación de artes escénicas porque a súa forma permanece inmutable, unha e outra vez.
- *Materialidade e acción.*
Isto implica a necesidade de transformar o mundo das ideas en mundo da forma. Así con relación á literatura, non é necesario a transformación material, xa que se na literatura é o/a lector/a quen, a través da súa imaxinación, recrea na súa mente o mundo proposto. Nas artes escénicas é necesario materializalos en elementos físicos concretos: son, luz, movementos...
De feito, nunha representación escénica, as/os intérpretes materializan a partir do seu corpo a realidade escénica.
- *Pluralidade de medios expresivos.*
O espectáculo escénico pode recorrer a unha grande variedade de medios expresivos artísticos e estéticos concretos como a poesía, a música, a pintura, a arquitectura... nun discurso articulado cuxo fin é conmover ao público.
- *Espazo escénico coma entorno.*
Todas as artes escénicas, ao ser un produto da presenza e inmediatez entre público e intérpretes, necesita un espazo que se transforme a partir dos recursos da teatralidade e da convencionalidade nun espazo escénico

Pero, que é exactamente o concepto de representación? A qué fai referencia?

Juan Antonio Hormigón, un dos impulsores dos estudos de dirección escénica en España, di que “a representación no territorio das artes escénicas explicita o acontecemento escénico en si mesmo: a materialización nun espazo e tempo que é o mesmo que o dos espectadores que a contemplan, duns acontecementos mostrados por uns actores nun territorio específico e connotado no que se fan ostensibles unha serie de elementos plásticos visuais, sonoros e lumínicos que lle son propios [...]. Toda representación implica un proceso de ordenación dos elementos escénicos, sistematizándoos nunha determinada secuencia de ostensibilidade e intensidades á que denominamos posta en escena. Obviamente a posta en escena así considerada é consubstancial á representación. [...] A propia expresión posta en escena incorpórase na terminoloxía teatral

española a finais do século XIX. É a tradución directa e literal da voz francesa *mise.en-scéne*. Os italianos fixeron outro tanto con *messa in scéna*. Non acontece o mesmo cos alemáns que empregan *inszenierung*, os ingleses *staging*, e os portugueses que a denominan *encenaçao* en tanto que acción de escenificar. Dende fai algún tempo empregamos en castelán escenificación como sinónimo de posta en escena.” (2002, 15-16). Igualmente, en galego, usamos tamén posta en escena.

Para rematar este apartado gustárame expoñer dous termos semellantes máis un pouco diferentes: os *espectáculos públicos* e as *actividades recreativas*.

Para esta diferenciación creo que debemos entender que implican ambos conceptos dentro da lexislación. Cada comunidade autónoma ten a súa forma de entender este punto, máis na nosa comunidade isto implica o seguinte¹:

- a) Espectáculos públicos: as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.
- b) Actividades recreativas: aquelas que ofrecen ao público, persoas espectadoras ou participantes actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer

¹ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001_gl.html